



**MEMORIA DE ACTIVIDADES
2013**

**IMPPLICADAS NO
DESENVOLVIMENTO**

INDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN
 - 1.1. Implicadas no Desenvolvemento
 - 1.2. Misión
 - 1.3. Visión
 - 1.4. Principios e criterios
2. MEMORIA DE ACTIVIDADES
 - 2.1. Mellora e activación da base asociativa
 - 2.2. Voluntariado
 - 2.3. Diseminación da visión e misión de Implicadas
 - 2.3.1. Festival IMPLÍCATE!
 - 2.3.2. Axenda Solidaria 2013
 - 2.3.3. Concurso de fotografía: *Das crises ás alianzas.*
 - 2.3.4. Exposicións
 - 2.3.5. II Carreira Solidaria
 - 2.3.6. VII Edición do VANAKKAM!
 - 2.3.7. Concertos
 - 2.3.8. Recital: *Micro Aberto de Poesía*
 - 2.3.9. Proxeccións do documental Cambia de Papel
 - 2.3.10. III Escola Feminista: "Feminismos e movementos sociais"
 - 2.3.11. Visita da Dra. N. Manimekalai
 - 2.3.12. I ANDAINA SOLIDARIA
 - 2.3.13. Publicación: *A miña luzada iluminaranos a todas*
 - 2.3.14. Seminarios, charlas e conferencias
 - 2.3.15. Presenza no CULTURGAL 2013
 - 2.4. Establecemento de redes con outros axentes
 - 2.5. Diversificación das fontes de financiamento
 - 2.6. Comunicación
 - 2.7. Programas de cooperación:
 - 2.7.1. Erradicación do infanticidio feminino en Salem
 - 2.7.2. Empoderamento de mulleres en Tiruchy
 - 2.7.3. Grupo de Axuda Mutua en Ames
3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA
4. MEMORIA ECONÓMICA
5. CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN

MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, e máis en concreto no colectivo das mulleres, a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e da contribución a unha vida digna para tódalas persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

VISIÓN

Implicadas entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

PRINCIPIOS E CRITERIOS

- Implicadas é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.
- Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.
- Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.
- Implicadas traballa desde o enfoque de xénero a tódolos niveis, o cal implica unha política activa para acadar a superación da discriminación das mulleres e para que a súa voz se escoite no mundo.
- Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual, e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituírmos a metade da poboación, seguimos sendo maioría no colectivo das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.
- Implicadas é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo.
- Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que comparten os mesmos principios e criterios xenéricos.
- Implicadas fundamenta nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades as súas intervencións no terreo, de xeito que se lles dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- Implicadas é unha organización de base voluntaria.
- Implicadas non contempla o envío de cooperantes ou voluntariado aos proxectos a menos que as organizacións locais así o requiran ou a menos que sexa dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de Implicadas.
- Implicadas define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial e os países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas.

- Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para evitar unha concentración que pode ser contraproducente (pénsese na tsunami no sueste asiático, durante a cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de Implicadas ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos que cómpre dar voz a esas comunidades coas que nos unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.
- Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións e contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.
- Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1. MELLORA E AMPLIACIÓN DA BASE ASOCIATIVA

Neste ano 2013 os obxectivos para mellorar a base asociativa continuaron a liña de anos anteriores. As actividades levadas a cabo neste sentido van encamiñadas ben á consolidación da base asociativa ou ben á captación de novas socias.

Obxectivos para a base asociativa xa existente:

- Conseguir una implicación máis activa nas actividades da organización por parte das persoas que son socias e fomentar un espírito crítico e de grupo que favoreza que esta participación sexa de maior calidade.
- Manter a lista de correo electrónico para asociadas. Mediante esta lista mándaselles a todas as socias a información sobre as actividades da organización e os informes dos proxectos unha vez ao mes.
- Consolidar o envío do Boletín Mensual. Neste boletín, elaborado cada mes, recóllese toda a información referente a actividades, eventos, campañas, etc., previstas para o mes correspondente.
- Organizar o evento anual de xuntanza.

Obxectivos para captar socias:

- Desenvolver a campaña CAMBIA DE PAPEL.

COMUNICACIÓN COAS SOCIAS

Durante este ano 2013 mantivéronse as comunicacións acordadas na planificación anual coa base asociativa de Implicadas. A primeira comunicación que se fixo a través do correo electrónico coas socias e socios foi no mes de marzo. Nesta primeira comunicación mandóuselles un informe sobre o “Módulo de empoderamento político e social das mulleres”, iniciativa co-financiada polo Fondo Galego de Cooperación dende finais de 2012. Posteriormente este mesmo informe foi subido á web para facelo público e que puidesen acceder a el todas as persoas interesadas no traballo de Implicadas.

Neste mesmo mes fíxose un sorteo entre a base asociativa, tal e como tamén se acordara e se puxera por escrito na planificación anual. A través da plataforma de sorteos online “sortea2” unha socia saíu gañadora de 5 rifas para a cesta solidaria que o grupo da Coruña puxo en marcha e que foi sorteada posteriormente, o 28 de marzo.

En abril de 2013 volveuse facer unha comunicación coas persoas asociadas para informalas de que o 6 de abril se celebraría en Santiago de Compostela (no Centro Sociocultural de Fontiñas) a Asemblea Xeral de Implicadas e tamén a Asemblea extraordinaria de Implicadas.

En agosto de 2013 mandóuselles outra comunicación. Nesta ocasión o informe, elaborado por María Reimóndez durante a súa estada na India entre os meses de xullo e agosto, versaba sobre o programa de *Erradicación do Infanticidio Feminino* en Salem.

En novembro fíxoselles unha vez máis chegar unha comunicación. Tratábase novamente dun informe trimestral sobre o programa de *Erradicación do infanticidio feminino*. Á par, volveuse anunciar o sorteo doutras 5 rifas da cesta solidaria de Implicadas que se sortearía o 25 de novembro.

Por último, o 18 de decembro informóuselles a través dun correo electrónico sobre a última actividade que Implicadas faría no ano 2013. Tratouse dun concerto solidario de Xoán Curiel no Espazo Cultural da Nave de Vidán (Santiago de Compostela).

Campaña CAMBIA DE PAPEL

Dentro das actividades desenvoltas durante o ano 2013 Implicadas no Desenvolvemento levou a cabo a campaña CAMBIA DE PAPEL. Esta campaña ten como obxectivo concreto acadar un mínimo de 20 soci@s para sustentar o traballo da organización e con iso afianzar un cambio de imaxes e actitudes da cidadanía do Norte con respecto á situación da cidadanía do Sur e, en particular, das mulleres.

A campaña CAMBIA DE PAPEL (www.cambiadepapel.com) nace como resultado de 14 anos de traballo de Implicadas no Desenvolvemento a prol dunhas relacións máis xustas entre os pobos dende un compromiso feminista e crítico. Os sistemas de axuda governamental están sufrindo neste momento unha crise de valores sen precedentes e están subordinados a recortes inxustificables que fan que sexa prioritario por unha banda exercer presión social e pola outra asegurar a independencia. Igualmente, o consumismo como principal modo de vida das sociedades do Norte leva a que haxa pouco interese en cuestionar os modos de vida propios, algo sen o cal é imposible loitar contra a pobreza. Finalmente, no campo crucial da representación, as nosas sociedades seguen promovendo visións das comunidades do Sur que infantilizan, problematizan ou totalizan as experiencias e polo tanto mediatizan a cooperación. Arredor da campaña desenvolvéronse diferentes actividades que trataremos noutros apartados desta memoria, dado que tiñan non só fins de captación de socias.

Durante o ano 2013 fixéronse socias 19 persoas e houbo 8 baixas. Agora mesmo somos un total de 191

2.2. VOLUNTARIADO

Obxectivos previstos para 2013:

- Obxectivo xeral: mellorar e aumentar o voluntariado en Galicia.
- Obxectivos concretos:
 - Afianzar os grupos de voluntariado existentes.
 - Crear grupos novos – un no ámbito rural, outro no ámbito urbano.
 - Mellorar a cohesión interna e reorganizar a xestión.
 - Organizar sesións de formación.

O voluntariado é a base do traballo de IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO xa que a organización só conta cunha traballadora contratada a tempo parcial. Tódalas actividades que lle son propias á organización dependen do traballo voluntario que se atopa espallado por todo o territorio galego e mesmo fóra de Galicia.

Actualmente o voluntariado de Implicadas conta con catro grupos afianzados de voluntariado presencial nas cidades de:

- Compostela: 8 integrantes
- Vigo: 2 integrantes
- A Coruña: 7 integrantes
- Lugo: 3 integrantes

Ademais hai dous grupos pendentes de reactivación ou de creación:

- Ourense: 1 integrante (reactivación)
- Pontevedra: 1 integrante (pendente creación)

Os equipos virtuais contan cun total de corenta e tres persoas que realizan o labor de voluntariado de xeito activo:

- Equipo de tradución: formado por 15 persoas, todas elas estudiantado ou profesionais de Tradución e Interpretación.
- Equipo de prensa: constituído por 8 persoas relacionadas co mundo da publicidade e do xornalismo.
- Grupo de deseño: formado por 6 persoas relacionadas coa comunicación audiovisual.
- Grupo de documentos: integrado por 9 persoas que realizan documentación interna e externa da organización.
- Grupo de redes sociais, web e boletín: constituído por 3 persoas.

Ás persoas que forman os grupos virtuais e os equipos presenciais hai que sumarles as persoas da Xunta Directiva que ocupan outros cargos como Presidencia, Vicepresidencia e Coordinación de Voluntariado. A finais de decembro de 2013 Implicadas conta cun total de 69 persoas voluntarias.

O traballo do voluntariado de Implicadas é diverso; os grupos presenciais planifican e executan as súas propias actividades que van dende concertos con artistas galeg@s ata mesas informativas nas Universidades pasando por clubs de lectura, montaxe de exposicións, etc. Durante o ano 2013 o maior incremento de voluntariado tivo lugar no primeiro cuatrimestre do ano, concretamente entre marzo e abril.

AVALIACIÓN

Durante o 2013 houbo 33 altas de voluntariado: 14 altas en voluntariado presencial e 19 altas en voluntariado virtual. Este ano prodúcese un cambio significativo, xa que aumentaron considerablemente as solicitudes e as altas efectivas de voluntariado virtual fronte ao ano anterior.

Durante o ano 2013 fixéronse máis de 3.000 contactos. Á parte das solicitudes de información directa que chegan derivadas da web ou redes sociais., fixéronse contactos a través de *mailing* á base de datos de voluntariado galego, hacesfalta, etc.

Das persoas coas que se logrou unha primeira resposta (moitas persoas das que solicitan información mediante plataforma nunca chegan a responder), case o 80% pasou a formar parte do voluntariado de Implicadas. Cabe destacar porén que hai persoas que cobren a ficha e non pasan o período de proba.

Aumentamos o voluntariado nun 40% con respecto ao ano anterior e producíronse 11 baixas, a maioría delas en grupos presenciais, sobre todo con motivo da emigración ao estranxeiro. É importante sinalar o compromiso do voluntariado coa organización, xa que dúas das persoas que marcharon para o estranxeiro optaron por integrarse nun dos grupos virtuais e continuar así co seu compromiso na organización.

O aumento de grupos de voluntariado de Implicadas só foi posible no caso de Ourense, que estivo activo durante tres meses integrado por 3 voluntarias. Deuse a circunstancia, no entanto, que dúas das persoas que o integraban tiveron que emigrar, polo que agora mesmo só conta cunha persoa, centrada na súa reactivación.

Por outra banda, aínda que en Pontevedra o primeiro contacto está establecido, está resultando complicado atopar voluntariado que se manteña. Para que este grupo se afiance seguirase traballando durante o 2014.

Hai que destacar que mellorou a calidade do traballo voluntario, pois a meirande parte das persoas que compoñen o voluntariado presencial asiste ás xornadas de formación, alén da aprendizaxe no seo e segundo a dinámica de cada grupo. Ademais procúrase traballar noutros medios de formación efectivos para que a formación poida ser realizada tamén polo voluntariado virtual e así mellorar os seus coñecementos sobre Implicadas e potenciar a súa implicación na organización.

En canto a xestión interna, o voluntariado tamén semella estar máis cómodo coa reorganización da xestión interna da organización, tarefa na que as persoas voluntarias participaron de xeito activo dende o comezo con sesións de traballo conxunto durante fins de semana.

Así mesmo, séguese traballando na creación dun novo grupo en zona rural e outro en zona urbana. A área decidiu porén darlle prioridade á reactivación e fortalecemento dos grupos existentes que sufriron fortes mudanzas no último ano. Seguiremos traballando nesta tarefa o vindeiro ano.

FORMACIÓN

Ao longo do 2013 desenvolvéronse dúas sesións de formación para o voluntariado:

- Xornada formativa durante a fin de semana do 16 ao 17 de febreiro en Lugo. Asisitiron un total de 13 voluntarias. Nela tratáronse os seguintes temas:
 - Memoria 2012
 - Planificación 2013
 - Dinámica de Xestión

- Xuntanza formativa durante os días 28 e 29 de setembro en Compostela. A esta xuntanza asistiu un total de 15 voluntarias e nela foron tratados os seguintes temas:
 - GAM (Grupos Axuda Mutua)
 - Xestión interna da organización.

Así mesmo, os grupos activos continuaron desenvolvendo as formacións internas do grupo durante as reunións mensuais tratando diversos temas (Implicadas: misión, visión, proxectos, enfoque de xénero...). Estas xuntanzas foron valoradas moi positivamente polos grupos, xa que, á parte de proporcionarlles un maior coñecemento da organización, mellora as súas habilidades comunicativas e a cohesión interna do grupo.

Avaliación das formacións

Realizáronse dúas xornadas de formación, cada unha delas coa duración dunha fin de semana. A segunda delas, ofrecía unha sesión aberta ao público.

O voluntariado formado é o que participa máis activamente e o que permanece máis tempo na organización. A formación, polo tanto, resulta unha ferramenta chave de sensibilización e implicación do voluntariado, xa que fai que se sinta máis seguro e empoderado no desenvolvemento das actividades.

Aínda que a valoración é positiva por parte do voluntariado entendemos que é fundamental potenciar a participación do voluntariado nas formacións para mellorar os seus coñecementos e implicación. Hai que destacar a valoración positiva por parte das persoas que asisten ás formacións, tanto con respecto aos contidos coma aos espazos, ambiente de grupo, etc.

2.3. DISEMINACIÓN DA VISIÓN E MISIÓN DE IMPLICADAS

Obxectivos previstos para 2013

- Sensibilizar a sociedade sobre a pobreza, as súas causas e as súas solucións, para provocar unha mudanza de mentalidade entre as persoas que vivimos nos países máis ricos.
- Achegar a realidade dos países non desenvolvidos en xeral á sociedade galega.
- Introducir o enfoque feminista na cooperación ao desenvolvemento.
- Dar a coñecer o traballo das feministas do Sur.
- Contribuír ao establecemento de redes entre mulleres do Norte e do Sur.

2.3.1. Festival IMPLÍCATE!

O **'Implicate! Noite de música e palabra solidaria'** é un festival que organiza Implicadas no Desenvolvemento na tempada de Nadal. Trátase dun evento no que se dan cita a cultura e a solidariedade, no que se intercala música, teatro, danza e literatura con proxectos audiovisuais sobre o traballo que leva a cabo Implicadas tanto no Sur coma en Galicia.

Obxectivos e nacemento do festival:

O obxectivo do IMPLÍCATE! NOITE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA, no que diferentes artistas colaboran de xeito desinteresado, é facer un chamamento á solidariedade das galegas e galegos, unindo nesa noite a cultura galega e o compromiso solidario. O propósito principal deste evento é dar a coñecer o traballo desta organización de cooperación ao desenvolvemento, invitar o público a ver o mundo con outros ollos, reflexionar e mudar o mundo, dende Galicia, dende a conciencia crítica e cunha acción clara.

Alén disto, os cartos recadados con esta iniciativa destínanse integramente a financiar proxectos de cooperación para o desenvolvemento de Implicadas.

O IMPLÍCATE 2013 tivo lugar o día 13 de xaneiro, ás 20:30 h no Teatro Principal (Santiago de Compostela) e foi presentado, novamente, por Yolanda Castaño e Luís Tosar. Así mesmo contou coa participación desinteresada de: Sés, Xoán Couriel, Budiño, Quique Peón, Rubén Riós e Estíbaliz Veiga, Roberto Vilar, Anxo Angueira, Carlos Negro, Eva Veiga e María Canosa.

2.3.2. AXENDA SOLIDARIA 2013

Como vén sendo habitual, IMPLICADAS pon á venda a Axenda Solidaria, importante ferramenta a través da que se trata de sensibilizar a sociedade galega e fomentar a súa implicación na cooperación ao desenvolvemento.

O tema da Axenda 2013 será o da campaña CAMBIA DE PAPEL e inclúe as testemuñas tanto de voluntariado e persoas socias coma de empresas colaboradoras. A través destas testemuñas coñeceremos os motivos polos que consideran tan importante o papel de Implicadas e polos que decidiron "cambiar de papel" e colaborar coa organización. Ademais saberemos ata qué punto o seu compromiso pode contribuír a facer deste mundo un lugar máis xusto.

A axenda puido adquirirse a través da secretaría de Implicadas, pero ademais foi repartida en diferentes puntos de venda na provincia de Pontevedra (10 puntos en Vigo, 2 en Marín e un en Cerdedo), na cidade de Compostela (en 13 puntos de

venda), na provincia da Coruña (10 puntos de venda na Coruña, 3 en Rianxo, 2 en Oleiros, 2 Pontedeume, un no Burgo e un en Padrón).

2.3.3. CONCURSO DE FOTOGRAFÍA: *DAS CRISES ÁS ALIANZAS*

O obxectivo do concurso foi o de promover unha canle de expresión para reflectir a influencia das crises de calquera tipo na vida das mulleres, tanto do Norte coma do Sur, e as alianzas e prácticas que se poden adoptar para superar estas situacións.

O concurso estivo aberto dende o 9 de marzo ata o 9 de maio de 2013 simultaneamente en Galicia e en Támara Nadu para mulleres maiores de 18 anos residentes nun dos dous lugares.

Foron presentadas un total de 42 fotografías ou series fotográficas en formato dixital, tal e como establecían as bases, correspondentes a 17 participantes, 13 de Galicia e 4 de Támara Nadu. O xurado estivo integrado por fotógrafas de recoñecido prestixio e representantes do eido feminista dos dous países, que traballaron cada unha dende o seu lugar de residencia para xulgar todas as fotos. As integrantes deste xurado foron: Ania Piñeiro, presidenta de Implicadas; Lidia Senra, activista e sindicalista; Andrea Costas, fotógrafa; Sonia Daponte, fotógrafa; Manimekalai, activista; Salma, activista; Kavitha Muralitharan, xornalista; e Geetha, activista.

Foron repartidos tres premios:

- Premio global de 1.500 € (gañadora: Sila Cela Ferreiro, pola serie fotográfica *Sororidade interxeneracional*).
- Premio Galicia, de 750 € (gañadora: Lidia Gregorio Selas, pola súa fotografía *As nosas mans*).
- Premio Támara Nadu, de 750 € (gañadora: Sarah Shantini, pola súa fotografía *Anciás no mercado de verdura de Chimmakal*).

Ademais, as persoas participantes cederon as súas fotos para poder realizar con elas unha exposición (vid. 2.3.4).

2.3.4. EXPOSICIÓNS

Durante o ano 2013 tiveron lugar en diversos puntos de Galicia as seguintes exposicións: *10x10*, *O son da buguinas*, *Auga para Etiopía*, *Maquila Boutique*, *Os teus ollos*, *as túas mans* (1ª e 2ª edición), e *A miña luzada iluminaranos a todas*.

10x10. A exposición *10x10* foi deseñada para conmemorar os máis de dez anos de traballo de Implicadas. Consta de 10 estruturas, a modo de cubos, autosostibles, cunha lona a cada lado na que se inclúen textos, fotografías e ilustracións explicativas da filosofía, traballo e obxectivos desta organización.

Durante o ano 2013, no que se produciu a súa descatalogación, a exposición tivo lugar no Forum Metropolitano da Coruña entre o 26 de febreiro e o 15 de marzo.

O son das buguinas. A exposición está formada por un total de 36 fotografías e catro paneis informativos, coas que se pretendeu divulgar o traballo que realiza Implicadas no Desenvolvemento, así como sensibilizar e concienciar a comunidade sobre a problemática existente no sur. No ano 2013 puido visitarse esta exposición dúas veces en Muimenta: entre o 05 e o 07 de abril na Feira MOEXMU e o día 01 de maio durante a Feira da Filloa.

Auga para Etiopía. Con esta exposición denúnciase a desigualdade na xestión da auga nos países do Sur, onde a súa carencia non é unha cuestión de falta de

recursos, senón de distribución e uso. Países tan secos como Arabia Saudí (100mm/ano) non experimentan problemas de auga mentres que outros moito máis vizosos, coma Etiopía (500 mm/ano), viven nunha situación de carencia permanente. A falta de investimento en infraestruturas fai que a auga non chegue á poboación.

Durante o ano 2013 a exposición puido visitarse nas Oficinas Centrais de Correos das seguintes cidades:

- Vigo: entre o 03 e o 31 de maio.
- Pontevedra: entre o 05 de xuño e o 16 de xullo.
- Ourense: entre o 20 de xullo e o 20 de agosto.
- Lugo: entre o 22 de agosto e o 20 de setembro.
- A Coruña: entre o 27 de setembro e o 25 de outubro.
- Compostela: entre o 04 de novembro e o 04 de decembro.

Maquila Boutique. Trátase dunha exposición de artistas plásticas na que se denuncia a explotación na industria téxtil e na que se propoñen alternativas a esta explotación. Consiste na presentación, coma nunha tenda de roupa, de diferentes pezas baseadas nos produtos de compañías con informes de explotación nos países do Sur. As artistas participantes na exposición son: Almudena Fernández Fariña, Andrea Costas, Berta Cáccamo, Carme Nogueira, Carmen Suárez, Itziar Ezquieta, Mar Caldas Las Pingüinas (Natalia Umpiérrez e Sara García), Renata Otero, Rosalia Pazo Maside. Xunto coas pezas expóñense paneis informativos que falan da explotación, propoñen alternativas e incluso estudos de caso.

Durante o ano 2013 a exposición tivo lugar nos seguintes lugares:

- A Coruña (Casa Museo Casares Quiroga): entre o 01 de febreiro e o 01 de marzo.
- Monterroso (Espazo Cultural): entre o 26 de abril e o 24 de maio.
- Chantada (Casa da Xuventude): entre o 27 de maio e o 12 de xuño.
- Pantón (Oficina Municipal de Información Xuvenil): entre o 17 de xullo e o 07 de agosto.
- Narón (Oficina Municipal de Información Xuvenil): entre o 09 e o 31 de outubro.
- Laxe (CPI Cabo da Area): entre o 22 de novembro e o 02 de decembro.
- Boiro (Centro Sociocultural): entre o 23 e o 29 de decembro.

Os teus ollos, as túas mans. Nesta exposición, que conta con dúas partes, preséntase o traballo de diferentes ilustradoras e ilustradores que, a través das súas obras e despois da súa convivencia co voluntariado de Implicadas, reflicten a visión que este lles transmitiu do seu traballo na organización. Puido visitarse durante o ano 2013 nos seguintes lugares:

- Chantada (Casa da Xuventude): entre o 31 de xaneiro e o 28 de febreiro.
- Pantón (Oficina Municipal de Información Xuvenil): entre o 05 e o 22 de marzo.
- Lugo (Mesón do Forno): ente o 01 e o 29 de abril.

A miña luzada iluminaranos a todas é unha nova exposición organizada por Implicadas que xorde a partir da celebración do concurso fotográfico *Das crises ás alianzas* (vid. 2.3.3). O concurso, realizado pola organización entre os meses de abril e maio de 2013 e dirixido a mulleres residentes en Galicia e Támara Nadu, pretende incentivar creacións fotográficas que reflictan o efecto que as crises – sociais, económicas, políticas, etc. – teñen na vida das mulleres. A exposición está formada polas 10 paneis que recollen as obras máis significativas presentadas ao concurso.

Tanto o concurso coma a exposición forman parte do proxecto de Educación para o Desenvolvemento *A crise como cambio*, financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa colaboración da Unión europea.

A exposición está formada polas seguintes obras fotográficas: *Luz entre tebras*, de Uxía Caride Blanco; *Sororidade interxeneracional*, de Tania Merelas Iglesias; *Cargas de mulleres*, de Cristina Castro; *As mariscadoras de Barallobre*, de Juana Luisa Prieto Luna; *Mulleres de fe*, de Gema Zunzunegui Lamas; *Pas(e)ando o tempo*, de Gema Zunzunegui Lamas; *Sororidade interxeracional*, Sila Cela Ferreiro; *Palilleiras*, de Laura A. Seijas Real; *É medianoite e aínda segue servindo idlis*, de Sarah Shanthini e *Vendedora de froita*, de Amala Infantta.

A preestrea da exposición tivo lugar na Casa da Xuventude de Chantada, no marco do evento *Outono Fotográfico*, entre o 10 e o 25 de outubro. Ademais puido visitarse na Escola Oficial de Idiomas da Coruña entre o 25 e o 29 de novembro.

As fotografías que a compoñen poden verse a través da galería virtual: <http://www.flickr.com/photos/implicadas/sets/72157634753949312/show/with/9346182088/>.

Avaliación das exposicións: Durante este ano, a organización de exposicións foi unha das actividades de sensibilización máis satisfactorias de Implicadas. Esta actividade permítenos amosar dunha maneira sinxela as desigualdades que afectan a sociedade e o traballo de apoio e sensibilización que Implicadas leva a cabo tanto no Sur coma aquí, en Galicia. Durante o ano 2013 a montaxe das nosas exposicións incrementouse en dúas exposicións con respecto ao ano anterior e dobrouse con respecto ao 2011. Por outra banda, ademais de estar presentes nas principais cidades das provincias galegas, as exposicións chegaron tamén a vilas máis pequenas, estendendo así a súa difusión xeográfica; mantéñense os lugares de exposicións dos anos anteriores e exponse en lugares novos, en moitos dos casos por peticións das propias entidades.

2.3.5. II CARREIRA SOLIDARIA

O segundo certame da nosa Carreira Solidaria tivo lugar o 28 de abril en Oleiros (A Coruña). Ademais do labor do voluntariado de Implicadas, contamos coa colaboración de voluntariado pertencente ao INEF e do voluntariado de protección civil do Concello de Oleiros, así como da súa policía local.

Alén disto, colaboraron na actividade diferentes entidades e empresas colaboradoras: Augas de Mondariz (280 augas), Concello de Oleiros (corte de rúas e permiso de realización da actividade), Federación Galega de Atletismo (xuíces, secretaría técnica na competición, cánon: posta en calendario na páxina web da Federación, difusión da actividade, seguro de responsabilidade civil), Fundación AVÁN (persoal sanitario e ambulancia), UDC e INEF Galicia (utilización vestiarios, duchas e pavillón para entrega de premios), Atmósfera Sport Coruña (arco de saída e meta), Masaxe Aiurvédica Piero Piga (bono masaxe), Casa Boa Rial (bono agasallo fin de semana na casa rural), Faspadel.com (bono agasallo dunha sesión de pádel).

Na carreira participaron un total de 295 persoas. Na seguinte listaxe detállase o número de persoas participantes segundo a categoría:

- Pituf@s: 28
- Prebenxamín Masculino/Feminino: 7
- Benxamín M/F e Alevín M/F: 19
- Infantil M/F e Cadete M/F e Xuvenil M/F: 16

- Junior M/F, Promesa M/F, Senior M/F e Veteráns M/F: 166
- Andaina: 59

O premios consistiron en 3 medallas de ouro por categoría tanto masculina como feminina. Ademais fixéronse diferentes sorteos en función do número de dorsal da persoa participante. Os produtos sorteados foron os seguintes: un bono masaxe (colaboración de Masaxe Aiurvédica Piero Piga), un bono dunha clase de pádel (colaboración de Fernando Aldao) e un bono dunha fin de semana nunha casa rural (colaboración de Casa Boa Rial). Alén ditos, cada persoa participante obtivo por parte de Implicadas unha bolsa cunha auga, un imán da organización, un folleto de CAMBIA DE PAPEL e unha barriña enerxética ou de chocolate de comercio xusto.

Esta actividade, aínda que economicamente non é das máis beneficiosas, ten unha repercusión moi positiva nos medios e cumpre un importante papel na difusión da organización entre a opinión pública – mesmo a nivel estatal. Entre outros aspectos positivos, debemos destacar o acerto de introducir a categoría Andaina para as persoas con maiores limitacións físicas á hora de correr así como o entorno escollido.

2.3.6. VII Edición VANAKKAM!

Un ano máis IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO organizou o ciclo formativo *Vanakkam!* ('benvidas', en lingua támil). Os obxectivos deste ciclo, que neste ano acadou a súa sétima edición, son, por unha banda, a formación no eido da Cooperación Internacional e, pola outra, a difusión do labor de IMPLICADAS non só en Galicia senón tamén nos países do sur. O ciclo *Vanakkam!* consta, en principio, de dúas partes: unha presencial, na que se ofrecen diferentes seminarios sobre cooperación, e outra de campo, consistente nunha viaxe á India co fin de coñecer *in situ* o traballo da organización.

Este ano porén tivo lugar unicamente a parte presencial, debido a que non se acadou un mínimo de persoas interesadas na viaxe. A formación, á que asistiron 8 persoas, tivo lugar no Centro Sociocultural de Fontiñas, en Compostela, e constou de cinco sesións, nos días 27.04, 25.05, 01.06, 08.06 e 20.06 respectivamente, sempre entre as 10 e as 14h. O programa de contidos dividiuse en cinco bloques diferentes, a cada un dos cales se lle asignou unha das sesións. En concreto, tratáronse os seguintes temas:

BLOQUE I: A cooperación ao desenvolvemento

BLOQUE II: O enfoque de xénero

BLOQUE III: Implicadas no desenvolvemento

BLOQUE IV: Os proxectos na India

BLOQUE V: Preparación da viaxe

2.3.7. CONCERTOS

Concerto Mini e Mero en Vigo

O 3 de maio tivo lugar no *Cabiria Bar* de Vigo o concerto de Mini e Mero. A el asistiron 40 persoas. Implicadas contou, como de costume, cunha mesa con materias de divulgación das actividades e misións que o grupo está a desenvolver e unha das compañeiras leu unha breve introdución sobre a organización. O Bar Cabiria, ademais, colaborou achegando petiscos para acompañar as consumicións do público.

Concerto de Bolboreta en Santiago de Compostela

O 7 de novembro tivo lugar no *Ultramarinos* de Compostela un concerto do grupo Bolboreta, ao que asistiron 30 persoas.

Concerto solidario de Silvia Penide e Félix Arias na Coruña

O día 5 de decembro tivo lugar no *Centro Ágora* da Coruña o concerto solidario de Silvia Penide e Félix Arias, non só para espallar o labor de Implicadas, senón tamén para recadar fondos para os proxectos que Implicadas está a desenvolver na India. Para favorecer esta iniciativa, organizouse unha mesa informativa e de venda e unha das voluntarias fixo unha pequena presentación. Ao concerto asistiron aproximadamente 35 persoas.

Concerto solidario de Xoán Curiel e o Magnético Zen

O 19 de decembro tivo lugar o concerto solidario do Magnético Zen e Xoán Curiel, acompañados por Njla Shami e Jara Ortiz, no *Espazo Cultural* da Nave de Vidán, en Compostela. O prezo da entrada, que incluída a posibilidade de participar nunha cea organizada por Implicadas, foi de 15 euros. O número de asistentes ao evento foi de 15 persoas.

2.3.8. Recital: *MICRO ABERTO DE POESÍA*

O *Micro Aberto de Poesía* é unha actividade na que diversas poetas recitan tanto obra propia coma poemas das obras *Vannakkam* e *As que rubimos montañas*, publicadas por Implicadas. O evento tivo lugar en Babel (o 30 de abril) e no Ateneo 30 (o 20 de xuño).

A valoración deste evento, ao que asistiron máis de 70 persoas, foi moi positiva, xa que axuda a dar a coñecer tanto a propia organización de Implicadas coma as súas publicacións.

2.3.9. Proxeccións do documental *CAMBIA DE PAPEL*

A proxección do documental *Cambia de Papel*, ademais de difundir a visión de Implicadas, recadar fondos e procurar aumentar o número de persoas asociadas ou voluntarias, contribuíu a acadar os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar a sociedade sobre a pobreza, as súas causas e as súas solucións, para cambiar a mentalidade das persoas que vivimos nos países máis ricos.
- Achegar a realidade dos países non desenvolvidos en xeral á sociedade galega.
- Introducir o enfoque feminista na cooperación ao desenvolvemento.

As proxeccións tiveron lugar nos seguintes lugares:

- **Centro Sociocultural Ágora (A Coruña).** A proxección do documental no Centro Ágora da Coruña realizouse o día 6 de setembro. Trala presentación e proxección da película tivo lugar un pequeno debate entre as persoas asistentes. Alén disto, organizouse unha mesa informativa e de vendas que foi aberta unha hora antes de que comezase o evento. A el asistiron un total de 40 persoas (aínda que o número de entradas vendidas, de 2,5 euros as normais e 2 euros con desconto, foi superior). Ademais da recadación polas entradas e polas vendas na mesa informativa, destacamos a captación dunha nova socia.
- **Auditorio Municipal do Concello de Vigo.** A proxección tivo lugar o 8 de outubro ás 20:30 horas. Antes de comezar a proxección fíxose un breve presentación do documental e, unha vez rematado, houbo ocasión para realizar unha rolda de preguntas. O prezo da entrada foi de 2 euros (destinados integramente a financiar proxectos de Implicadas) e o número de persoas asistentes foi de 22.

- **Centro Cultural A Fábrica (Oleiros).** A proxección en Oleiros tivo lugar o día 10 de outubro. Como nos casos anteriores, houbo unha breve presentación do documental antes de comezar a proxección, desta vez por parte dunha das concelleiras. Ao evento acudiron 50 persoas. A entrada foi totalmente gratuíta.
- **Edificio de Ferro de Campus de Ourense.** A última proxección tivo lugar o día 11 de outubro. Esta actividade foi promovida pola Asociación de Mulleres Empresarias (AME) en colaboración coa vicerreitora do Campus de Ourense, María Lameiras, que foi a encargada de presentar o documental e ás participantes xunto coa Presidenta da AME, María Concepción Novoa Díaz. Ao final, coma sempre, celebrouse unha rolda de preguntas. Participaron nesta actividade un total de 20 persoas, formadas maioritariamente por integrantes da AME así como profesorado e alumnado do Campus de Ourense.

2.3.10. III ESCOLA FEMINISTA: “FEMINISMOS E MOVEMENTOS SOCIAIS”

Implicadas leva organizando a Escola Feminista desde o ano 2011, como un espazo de reflexión, debate e análise do pensamento feminista. A III Escola Feminista, co título “Feminismos e movementos sociais”, tivo lugar o 12 de outubro no local de Implicadas (Rúa Barcelona nº 86 baixo, Vigo) e foi financiada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Este ano contamos cunha importante representación dos movementos sociais de Galicia e Tâmil Nadu: Manimekalai, Lidia Senra e Asociación Nós Mesmas. O programa completo deste ano foi o seguinte:

- 10:15h: Inauguración da Escola Feminista.
- 10:30h: Conferencia a cargo da representante da Asociación Nós Mesmas: O feminismo e a loita pola visibilización e dereitos das persoas non heterosexuais.
- 11:30- 12:00h: Pausa.
- 12:00-13:00h: Conferencia a cargo da Dra. N. Manimekalai, da Bharatidasan University de Tiruchy: O feminismo e os Grupos de Axuda Mutua en Tâmil Nadu (India).
- 13:00- 14:00h: Conferencia a cargo de Lidia Senra, destacada sindicalista do agro galego: O feminismo e a loita labrega.
- 14:00h: Clausura.

Á xornada, destinada fundamentalmente ás persoas integradas en movementos sociais, persoal técnico ou voluntario de entidades de cooperación ao desenvolvemento así como a persoas interesadas no eido feminista, asistiron 15 persoas (14 mulleres e 1 home), o que supón un incremento na participación con respecto ao ano anterior.

Por outra banda, co gallo da visita da Dra. Manimekalai tiveron lugar unha serie de actividades e xuntanzas que se detallarán a continuación (*vid.* 2.3.11).

2.3.11. Visita da Dra. N. Manimekalai

Entre o 7 e o 15 de outubro tivo lugar a visita a Galicia da Dra. N. Manimekalai, do departamento de estudos das mulleres da Universidade Bharathidasan de Tiruchy. Alén da súa participación na III Escola Feminista (*vid.* 2.3.10), a presenza da convidada foi moi importante na realización de varias actividades:

Xuntanza coa Concelleira de Igualdade, políticas de Benestar e Normalización Lingüística e rolda de prensa no Concello de Vigo para presentar a III Escola Feminista

Esta xuntanza, que tivo lugar o 8 de outubro, foi a primeira das actividades levadas a cabo por Manimekalai en Galicia. O obxectivo foi o de presentarlle á concelleira de Igualdade, Políticas de Benestar e Normalización Lingüística a actividade da III Escola Feminista, financiada por dita Concellaría. Na rolda de prensa posterior participaron a concelleira, a vicepresidenta de Implicadas e a propia Manimekalai e a ela asistiron medios como *Televigo*, *La Voz de Galicia* e *Radio Galega*.

Proxeccións do documental *Cambia de Papel*

Aproveitando a visita de Manimekalai, tamén protagonista do documental, foron organizadas as proxeccións de *Cambia de Papel* en tres municipios galegos (Vigo, Oleiros e Ourense). En todas elas (*vid.* 2.3.9) participaron María Reimóndez, en calidade de codirectora do documental e vicepresidenta de Implicadas, e Manimekalai.

Xuntanza coa Asociación de Mulleres Empresarias de Ourense (AME)

O mesmo día 11 de outubro, antes da proxección do documental, celebrouse en Ourense unha xuntanza coa Asociación de Mulleres Empresarias (AME) e coa vicerreitora do Campus de Ourense, María Lameiras. O encontro serviu para fortalecer a relación de colaboración xa establecida no 2012 entre Implicadas e a AME así como para tratar novas vías de colaboración como, por exemplo, o teamig. De feito, Implicadas comezaría máis adiante a formular unha proposta de colaboración máis definida e estable no tempo.

Xuntanza de Manimekalai co Grupo de Axuda Mutua de Ames

O 14 de outubro tivo lugar a última actividade da visita de Manimekalai, que consistiu na xuntanza co Grupo de Axuda Mutua creado en Ames neste mesmo ano 2013 (*vid.* 2.7.3).

Avaliación das actividades realizadas con motivo da visita de Manimekalai

Podemos confirmar o éxito das actividades planificadas no marco da visita de Manimekalai, realizada entre o 7 e o 15 de outubro de 2013, debido ao logro dos seguintes resultados:

- Máis de 100 persoas participaron nas actividades planificadas.
- Unha persoa asistente manifestou o seu interese en formar parte do voluntariado e outra persoa fíxose socia a raíz da proxección do documental en Ourense.
- Foron recadados en torno aos 500 € entre vendas nas mesas, entradas e matrículas.
- Incrementouse nun 44% o número de persoas asistentes á III Escola Feminista con respecto aos anos anteriores.

2.3.12. I ANDAINA SOLIDARIA

Trátase dunha xornada deportiva que, alén da difusión da misión e visión de Implicadas, ten como obxectivo a recadación de fondos para os proxectos que Implicadas apoia na India. Ademais é unha vía para promover o descubrimento e revalorización das paisaxes naturais – neste caso, o entorno do Alto Eume. Por último, trátase dunha boa oportunidade para conseguir novas socias ou voluntarias.

A andaina, que se levou a cabo o domingo 20 de outubro, consistiu nun roteiro circular polo chamado Sendeiro dos Cerqueiros (de aprox. 9,5 km. e catro horas de duración).

Durante a actividade estiveron presentes seis persoas do voluntariado de Implicadas e durante a viaxe foi posible ofrecer unha breve explicación sobre o labor que Implicadas desenvolve tanto aquí en Galicia coma na India. Ademais, ao remate da andaina púxose no punto de chegada unha mesa informativa e de vendas.

Nesta xornada participaron un total de 41 persoas e contamos coa colaboración das seguintes entidades: cucana.com, Escuela Asturiana de Salvamento, Masaje Ayurvédico Piero Piga, Autobuses J. Pombo e o Concello de Oleiros.

A meirande parte das persoas participantes destacaron o acerto do entorno escollido e o ambiente distendido e animoso. Varias persoas deixaron ademais o seu contacto para recibir o boletín mensual de Implicadas.

2.3.13. Publicación: *A miña luzada iluminaranos a todas*

O 27 de outubro de 2012 tivo lugar na EGAP unha xuntanza con poetas, ilustradoras e deseñadoras gráficas galegas para sacar adiante un libro de poesía, narrativa e imaxes sobre a igualdade de xénero e a visibilización dos logros do movemento feminista. O libro foi autoeditado por Implicadas en formato impreso no 2013.

Pola súa banda, a escritora Sukirtharani impartiu este mesmo obradoiro para as compañeiras támiles en marzo de 2013 en Támil Nadu.

2.3.14. SEMINARIOS, CHARLAS E CONFERENCIAS

Charla presentación de Implicadas

O día 5 de xuño tivo lugar no Centro de Presentación dos Burgas (Ourense) unha charla presentación de Implicadas. Malia que o número de persoas asistentes (4) foi moi baixo, cabe destacar que unha delas se incorporou como voluntaria.

Participación no IX Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística: “Traballando en lingua”

O día 19 de xullo tivo lugar en Carballo o IX Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, xornada organizada pola Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua. Nesta xornada, Ania Piñeiro, Presidenta de Implicadas no Desenvolvemento, participou en nome da organización cun relatorio titulado “A comunicación implicativa. Métodos e experiencias de Implicad@s no Desenvolvemento”. Nesta comunicación abordouse cal é o funcionamento da área de comunicación de Implicadas no Desenvolvemento, cales son as relacións entre o voluntariado e a comunicación e cales son as responsabilidades dos medios de comunicación na relación entre a cidadanía e as organizacións non gobernamentais.

Obradoiro de Xénero

Este obradoiro, ao que asistiron 15 mulleres, tivo lugar no Centro Vagalume (Santiago de Compostela) o día 18 de setembro. Foi impartido por Ania Piñeiro e mailo grupo de voluntariado de Compostela. Entre os obxectivos previstos estaban os seguintes: traballar a sensibilización de xénero, reflexionar sobre os estereotipos correspondentes, observar o proceso e momento da conscienciación con respecto a estes estereotipos e promover unha actitude crítica fronte á publicidade sexista. Para isto, tratáronse contidos básicos (definición de sexo vs. xénero, igualdade, sexismo, androcentrismo, estereotipos) e publicidade. O nivel de satisfacción foi alto e considéranse cumpridos os obxectivos previstos.

Seminario sobre Grupos de Axuda Mutua

O seminario, ao que asistiron 21 persoas, tivo lugar o día 27 de novembro no Centro Vagalume (Santiago de Compostela). As persoas encargadas de impartilo foron Ania Piñeiro e María Reimóndez. O nivel de satisfacción foi moi alto e considérase cumprido o obxectivo de presentar os grupos de axuda mutua como unha posibilidade real para as mulleres.

2.3.15. Presenza no CULTURGAL 2013

Un ano máis Implicadas participou na Feira de Industrias Culturais Culturgal que tivo lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra entre os días 29 de novembro e 1 de decembro. Nestes tres días Implicadas contou cun posto de información e venda no que se podía solicitar información sobre os nosos proxectos e adquirir moitas das nosas publicacións e produtos da nosa tenda, así como a Axenda do Desenvolvemento 2014.

Alén disto, o domingo día 1 de decembro proxectouse o documental *Cambia de papel* rodado en TAMIL NADU (India) e Galicia. Este documental foi codirixido por María Reimóndez (vicepresidenta e fundadora de Implicadas), polo actor Luís Tosar (socio e colaborador de Implicadas desde 2008) e por Kutti Revathi (escritora e cineasta tAMIL).

2.4. ESTABLECIMENTO DE REDES CON OUTROS AXENTES

Neste ano reforzáronse as relacións coa Asociación de Mulleres Empresarias de Ourense, comprometida na colaboración en actividades organizadas por Implicadas. Ademais potenciouse o compromiso das empresas a través da súa colaboración nas cestas solidarias. Como incentivo, ofrecéuselles a posibilidade de adquirir a Axenda 2014 a un prezo reducido.

2.5. DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

Un ano máis levouse a cabo a publicación da Axenda 2014, que xa leva 9 anos estando presente entre as publicacións de Implicadas. A Axenda está feita con materiais ecolóxicos e é sempre maquetada, impresa e editada en Galicia.

Por outra banda, organizáronse vendas de rifas para dous sorteos de cestas solidarias que contiñan produtos doados por diversas empresas. A recadación sería integramente destinada aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas apoia en Támil Nadu (India).

- Na cesta solidaria do mes de marzo, as empresas que doaron produtos foron as seguintes: a Clínica Dental Ivette Bernal, o centro de maxase aiurvédico Piero Piga, o Centro de Osteopatía Eva Sánchez, As Camposeiras, O Mundo do Té, Galicia en tu Mesa, o restaurante Biobania, Casa Lourán, ReGalicia, Mimadriña, Bys Complementos, Garlopín Xogos e Xoguetes, Marybeliña Artesanía Ilustrada, La Tuerka 27, Cucadas Pequenos Regalos Artesanales, Libros para Soñar, Marta Portela Barreiro, Aguja a Mano, A Fiestra Artesanía e a tenda de bisutería Zigzag.

Os diferentes agasallos da cesta estaban vencellados a un dereito das mulleres e en conexión coa filosofía de Implicadas:

POLO DEREITO Á HIXIENE:

- Cepillo de dentes eléctrico (*Clínica Dental Ivette Bernal*, Perillo – Oleiros, A Coruña).

POLO DEREITO Á SANIDADE:

- Un bono dunha masaxe aiurvédica (*Masaxe aiurvédica*, www.masajeayurvedico.es).
- Unha sesión de osteopatía (*Centro de Osteopatía Eva Sánchez*, <http://centrodeosteopatievasanchez.blogspot.com.es/>).

POLO DEREITO Á ALIMENTACIÓN:

- Dous tarros de marmelada (*As Camposeiras*, <http://www.ascamposeiras.es>)
- Unha cesta cunha teteira de cerámica, té e chocolate. (*O mundo do té*, <http://www.omundodote.com>).
- Dous paquetes de galletas mariñeiras e dous paquetes de grelos deshidratados (*Galicia en tu mesa*, <http://www.galiciaentumesa.com>)
- Unha comida para dúas persoas (*Restaurante Biobania*, <http://biobania.blogspot.com.es>).

POLO DEREITO AO DISFRUTE PERSOAL:

- Aloxamento dunha noite con almorzo incluído para dúas persoas (*Casa Lourán*, www.casalouran.com).

POLO DEREITO AO ACCESO Á CULTURA E Á ARTE:

- Un bono de compra por valor de 30 euros (*ReGalicia*, www.regalicia.com).
 - Un cadro (*Mimadriña*, www.mimadriña.com).
 - Unha camiseta borbada á man (Facebook: *Bys Complementos*).
 - Un xoguete tradicional (*Garlopín xogos e xoguetes*, <http://garlopin.weebly.com/>).
 - Un colar, uns pendentes e un broche (*Marybeliña*, artesanía ilustrada, <http://marybelina.blogspot.com.es/>).
 - Un par de entradas para visitar catro obras de microteatro (*La Tuerka 27*, <http://www.latuerka27.com>).
 - A novela *O club da calceta* asinado pola escritora (María Reimóndez, <http://www.mariareimondez.eu/>).
 - Un bolso e un broche (*Cucadas*, <http://cucadasenlared.blogspot.com.es/>),
 - Catro libros infantís con temática de xénero (Facebook: *Libros para soñar*, A Coruña).
 - Unha camiseta pintada á man (Marta Portela Barreiro, <http://www.farangullas.blogspot.com.es/>).
 - Un bolso de calceta e unha carteira (Facebook: *Aguja a mano*).
 - Un pequeno lote de recordos de Rianxo (Facebook: *A Fiestra Artesanía*)
 - Un colar (*Bisutería Zig-zag*, <https://twitter.com/zigzagbetty>)
- Na cesta solidaria do mes de novembro, as empresas e entidades participantes foron: Rei Centolo, Gatos e Raspas, Nordés Atlantic Drinks, Balneario do Río Pambre, Balnearios de Caldaria e o grupo musical *Pánico en las Calles*.

Por outra banda, ofrecéronse diferentes cursos ao longo do ano:

- **Obradoiro de estampación de camisetas**

Foi celebrado o día 20 de xuño no Centro Sociocultural A Trisca (Santiago de Compostela). A el asistiron seis persoas. O nivel de satisfacción foi alto.

- **Obradoiro de Aiurveda en Lugo**

O obradoiro de Aiurveda foi realizado o día 17 de novembro na Asociación de Reiki de Lugo, coa colaboración de Piero Piga, quen impartiu o mesmo. Foi organizado co obxectivo principal de recadar fondos para o financiamento dos proxectos de Implicadas na India, pero tamén para difundir a misión e visión de Implicadas. Por iso, unha das voluntarias fixo unha presentación de Implicadas para as persoas participantes e puxo á venda algúns materiais de *merchandising*. O prezo do curso foi de 50 euros (45 para as socias da Asociación de Reiki) e a el asistiron 10 persoas.

O programa do curso incluíu os seguintes contidos: 1. Orixes e principio do Aiurveda; 2. Os cinco elementos (Éter–Aire–Lume–Auga–Terra); 3. A teoría tridosha - Os doshas (Vata–Pitta–Kapha); 4. Test para determinar a túa propia constitución (Dosha), 5. A alimentación aiurvédica; 6. Saúde (ioga, relaxación, respiración, meditación).

A valoración final da actividade foi moi positiva no que respecta tanto ao número de persoas asistentes e beneficios económicos coma ao ambiente e nivel de satisfacción das persoas que nel participaron.

2.6. COMUNICACIÓN

As vías de comunicación sobre a actividade desenvolvida por Implicadas durante o ano 2013 foron as seguintes:


- **Sitio web de Implicadas** www.implicadas.com. Actualmente hai unha persoa encargada do mantemento do sitio web, que acadou 7.717 visitas no 2013, fronte ás 5.688 visitas do ano anterior.

- **Redes sociais**

A partir do mes de novembro a organización conta cunha voluntaria fixa para a área de redes. Implicadas segue a estar presente en *facebook* e *twitter*.

FACEBOOK <https://www.facebook.com/implicadas>

Durante o ano 2013 o número de seguidor@s da nosa páxina de facebook aumentou de 1.948 a 2.511. No que respecta ao perfil d@s seareir@s, destas 2.511 persoas que nos seguen, o 72% son mulleres. Os grupos de idade máis amplos son os das persoas de 25-34 anos e de 35-44, como se pode apreciar na gráfica. Estes grupos son ademais os máis activos.



Por último cabe mencionar que o nivel de visitas e de participación activa aumenta no momento en que se introducen novos contidos e se anuncian actividades.

TWITTER <https://twitter.com/implicadas>

Actualmente Implicadas conta en twitter con 1.129 seareir@s. Durante o ano 2013, tal e como aconteceu en facebook, o número de seguidor@s foi aumentando, especialmente nos tres últimos meses. En outubro, o número de persoas seareiras era de 969.



Algo moi utilizado nesta rede social son os hashtags, como o do #Implicate2014 (<https://twitter.com/search?q=%23Impl%C3%ADcate2014&src=hash>), que nos axudan a ver, cun só “clik”, todos os comentarios que xiran en torno a un tema.

- **Aparición noutros medios de comunicación**

As actividades organizadas por Implicadas no 2013 que tiveron repercusión nos medios de comunicación foron:

- A celebración do FESTIVAL IMPLÍCATE 2013 en Santiago de Compostela. Foi recollida en diversos medios: Europa press, Faro de Vigo, El Club exprés e a web de turismo de Santiago.
- O concerto de Silvia Penide e Félix Arias na Coruña. A información correspondente publicouse en formato dixital do *Noticiero Galego*, *La Opinión Coruña* e *Sermos Galiza*. Ademais tamén apareceu anunciado en diferentes páxinas web: Concello da Coruña, Páxinas Galegas, Galicia10.com, e-distrito, coruña metropoli e locierto.es.
- A proxección do documental *Cambia de Papel* no Centro Ágora da Coruña (06/09) foi recollida por *La Voz de Galicia* e *La Opinión Coruña*.
- A visita da Dra. Manimekalai e a proxección do documental *Cambia de Papel* en Oleiros, Ourense e Vigo. A noticia do eventos foi recollida por diferentes xornais (*La Opinión Coruña* ou *Noticiero galego*) e apareceu nas webs da Coordinadora Galega de ONG e do Concello de Oleiros. Tamén foi publicada no blog *Caderno da crítica* así como noutras webs como locierto.es, Coruña Metrópoli, Falo de Redondela, etc.
- A EXPOSICIÓN *MAQUILA BOUTIQUE*. Tivo presenza en diversos medios de comunicación: na web do Concello de A Coruña e na do Concello de Boiro; nos xornais *La Voz de Galicia*, *El Correo galego* e *La Opinión Coruña*; na web Ferrol 360.
- A celebración da III ESCOLA FEMINISTA en Vigo. Foi mencionada no xornal *Faro de Vigo*, na páxina locierto.es e no blog *VGO magazine*. Ademais, o evento foi gravado integramente por María Platas e Borja Pozueco, voluntaria e colaborador de Implicadas, para logo subir os vídeos de cada conferenciante á canle de Implicadas no Youtube
- A feira CULTURGAL 2013, celebrada en Pontevedra. Este evento, que conta coa participación de máis de sesenta entidades do sector cultural galego, apareceu en numerosos medios de comunicación dada a súa relevancia.
- A II CARREIRA SOLIDARIA, celebrada en Oleiros o 28 de abril. Foi difundida polos xornais *La Opinión Coruña*: e *La Voz de Galicia*:
 - <http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2013/04/11/ii-carreira-solidaria-bastiagueiro-sera-28-abril-e-incluire-competicion-carritos-bebe/710785.html>;
 - <http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2013/04/29/oleiros-capital-comarcal-deporte/716668.html>
 - http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2013/04/29/ocio-deporte-solidario-toman-calles-oleiros/0003_201304H29C4993.htm

Así mesmo foi anunciada nas seguintes páxinas:

- http://www.colefgalicia.com/contenidos/index.php?option=com_content&task=view&id=779&Itemid=7
- www.correrengalicia.org (<http://www.correrengalicia.org/index.php?name=CPGNuCalendar&view=event&id=2360&date=20130428>)

- www.atletismogalego.org
 - <http://corunacity.com/carreira/concello/oleiros/2655-ii-carreira-solidaria-corre-con-implicadas-concello-de-oleiros.html#.UWxxZqLBqSo>
 - http://carreraspopulares.com/v5-calendario/V5CC_menu_right.asp?fr_cl_edicion=QCPFAQOMFPKOPQGRIOFF&fr_id_comunidad=0
 - <http://zonarunning.decathlon.es/carreras/II%20CARREIRA%20SOLIDARIA%20CORRE%20CON%20IMPLICADAS>
 - <http://culleredoxove.com/2655-ii-carreira-solidaria-corre-con-implicadas-concello-de-oleiros.html#.UWxx8qLBqSo>
 - <http://www.coruna.es/servlet/Satellite?pagename=Nex/Page/Nex-Generica&cid=1207120231244&argldioma=gl&itemID=1366593371445&itemType=Suceso>
 - <http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2013/04/29/oleiros-capital-comarcal-deporte/716668.html>
- I ANDAINA SOLIDARIA. Unha noticia sobre o evento saíu publicada en *La Voz de Galicia* un día despois da celebración. Previamente esta actividade fora difundida, non por medios de comunicación xerais, pero si nas páxinas de diferentes asociacións e clubs de montaña.

Por outra banda, as bases do concurso de fotografía *Das crises ás alianzas*, ademais de seren publicadas a través da páxina web de Implicadas e das redes sociais, foron difundidas a través da Coordinadora Galega de ONGD e da Marcha Mundial das Mulleres. Así mesmo, enviouse información do concurso a través do correo electrónico a tódolos concellos galegos, CIM, bibliotecas, asociacións de fotografía, colexios e sindicato de xornalistas, organizacións feministas e tendas de fotografía. Mostra da difusión realizada é que incluso pasados uns meses podemos atopar as bases do concurso en diferentes páxinas de internet:

- <http://www.academiagalegadoaudiovisual.com/index.php/lang-es/novas/3198-concurso-fotografia-cries-alianzas.html>
- <http://www.agareso.org/gl/actualidade/cultura-solidaria/item/1083-implicadas-no-desenvolvemento-convoca-o-i-concurso-fotogr%C3%A1fico-para-mulleres>
- <http://www.escoladeartelugo.com/es/noticias/215/concurso-fotografico-das-cries-as-alianzas/>
- http://www.tempondelecerourense.com/eventos/consultar/4106/concurso_de_fotografia_das_cries_as_alianzas_galicia
- <http://galiciasolidaria.org/subido/axenda/Bases%20do%20concurso%20fotogr%C3%A1fico.pdf>

Pola súa banda, en Támara Nadu o certame foi difundido entre as mulleres beneficiarias dos proxectos de Implicadas a través do parceiro local, People's Development Initiatives (PDI), e tamén a través dunha revista de máxima difusión en Támara Nadu, a revista *Kalachuvadu*.

2.7. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

2.7.1. Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem

O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida dende 2007 por IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO e a organización támil PEOPLE'S DEVELOPMENT INITIATIVES (PDI) en colaboración con numerosos actores locais (como goberno, feministas e activistas) para tentar poñer fin ao infanticidio. É esta unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasinan as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres. Esta práctica leva a que a pirámide de sexos estea invertida para o distrito de Salem e a que de cada 1.000 nados falten 200 nenas. O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram) e incide en aspectos paliativos como o seguimento de mulleres embarazadas. O seu obxectivo último é contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisibile esta e as demais formas de violencia contra as mulleres. No último censo de 2011 e por primeira vez dende que hai rexistros, aumentou en Salem o número de nacementos de nenas fronte ao de nenos, un feito que cómpre celebrar como resultado dun traballo continuado de diferentes axentes e no que tamén se enmarca o noso programa.

Presentamos de seguido os resultados das actividades desenvolvidas durante o ano 2013.

Actividades

Actividades de apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias

- 4534 mulleres embarazadas recibiron apoio do programa en forma de seguimento personalizado nos catro bloques do programa.
- Realizáronse 48.163 sesións de comunicación interpersoal.
- Deriváronse 540 mulleres embarazadas aos servizos sanitarios.
- 677 mulleres e as súas familias accederon aos servizos de apoio do programa.
- Realizouse o seguimento dos casos que comezaran anteriormente, o cal fixo que neste ano se levasen a cabo 25.040 sesións de seguimento.
- Neste ano organizáronse 242 diálogos familiares.
- Logrouse que 109 mulleres decidiran tomar medidas anticonceptivas permanentes grazas ao traballo do programa.
- Como resultado de todas estas actividades, na zona do proxecto naceron 888 nenas durante 2013, non se rexistrou ningún infanticidio e non foi entregada nena ningunha en adopción.
- 2.037 nenas e as súas familias seguen ao final deste ano en seguimento.

Centro de apoio ás mulleres

- Neste ano 29 mulleres achegáronse ao Centro de Apoio ás Mulleres para obter asistencia legal e/ou apoio psicolóxico. 24 casos foron novos mentres que 5 se contabilizan como seguimento.

Actividades para o cambio nas percepcións e comportamentos de xénero

Grupos de axuda mutua

- Neste ano creáronse 11 grupos de aforro novos, o cal eleva a cifra total a 110 grupos nos que se integran 1.242 mulleres.

- Estes grupos levan aforrado 41.664 € (3490730 rupias) e todos eles distribúen crédito ás súas integrantes.
- Realizáronse cos grupos sesións para tratar temas de xénero. Nestas sesións participaron 1.913 mulleres de 137 grupos de aforro (tanto formados polo proxecto como por outras entidades).
- Interviron 40 representantes dos grupos neste tipo de formacións (20 grupos en total) nos bloques de Konganapuram, Omalur e Tharamangalam.
- Ademais da formación para xestionar os propios grupos, todas as integrantes recibiron formación de xénero en colaboración con diversos axentes. Neste ano participaron 1.258 mulleres de 100 grupos nos diferentes programas de sensibilización de xénero desenvolvidos nas súas aldeas no marco do programa.

Sensibilización de xénero para homes

A formación de xénero para homes comezou no mes de xullo de 2013. Ata o final de ano organizáronse 25 xuntanzas de sensibilización de xénero para homes, nas que participaron un total de 277. Nestas xornadas tratouse sobre todo o espazo do privado e a necesidade dun cambio de actitudes e comportamentos no doméstico.

Capacidades para a vida para adolescentes

Co obxectivo de sensibilizar a mocidade organizouse un curso de capacidades para a vida destinado a adolescentes en diferentes aldeas. Neste ano participaron 701 mozas e 654 mozos (1.355 persoas en total).

Clubs de xénero

Os resultados foron moi positivos dado que as persoas integrantes dos clubs comezaron a informar o persoal sobre familias de alto risco. Neste ano 515 mozas e 524 mozos (1.039) participaron nos clubs de xénero. Debateron os seus plans de acción e as cuestións de xénero nas que queren comezar a traballar. Alén disto, para reforzar o seu traballo, os clubs pasaron unha avaliación co apoio do persoal do programa durante o mes de xuño.

Campañas de teatro de rúa

O teatro de rúa é unha ferramenta que o proxecto leva utilizando dende o inicio para provocar debate e transformar os papeis de xénero existentes. Neste ano asistiron 19.650 persoas ás diferentes obras, que foron organizadas en 95 aldeas distintas.

Celebración do 8 de marzo

A celebración do día internacional da muller aglutinou a 300 mulleres que se reuniron para manifestarse en contra do feticidio feminino. A poeta Sakthi Arulandham dirixiu a manifestación, despois da cal realizouse unha xuntanza dos clubs de xénero e foi estreada a obra de teatro "Kolusu" de Kutti Revathi. Ademais a poeta convidada falou ante as mulleres. Durante a xuntanza, sete grupos de axuda mutua recibiron recoñecementos polas súas actividades a favor dos dereitos das mulleres.

Celebración do 25 de novembro

As mulleres do bloque de Edapadi manifestaran ao longo do programa o seu malestar pola práctica do feticidio nun hospital da zona que revelaba o sexo do feto e apoiaba así esta práctica. Este foi o motivo polo que decidiron organizar unha manifestación con cadea humana diante do hospital como acto de protesta. O día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres tomouse como plataforma para esta acción. Participaron máis de 150 mulleres de grupos de axuda mutua. As mulleres berraron consignas contra o feticidio e o infanticidio feminino. Tres xornais cubriron a nova e as autoridades locais de Edapadi apoiaron o acto.

Xestión do programa

Persoal do programa recibiu diversos cursos de formación:

- Curso de revisión sobre os obxectivos, estratexias e actividades do programa.
- Formación sobre teatro de rúa.
- Formación sobre a federación dos grupos de axuda mutua.

Durante o mes de xullo o programa recibiu a visita da vicepresidenta de Implicadas e coordinadora de programas María Reimóndez para a avaliación anual e orientación do persoal.

Conclusións

Todas as actividades aquí presentadas foron posibles grazas ao apoio de todas as socias, socios, voluntariado e traballadoras de IMPLICADAS e sobre todo do persoal de PDI e das propias mulleres. Neste momento, e tras as recomendacións de María Reimóndez durante a visita de avaliación do mes de xullo, o obxectivo é conseguir a sustentabilidade total das intervencións e que as transformacións sexan duradeiras. Cómpre agradecer a PDI e ás mulleres do programa os seus esforzos constantes por transformarse e transformar as sociedades nas que viven.

2.7.2. Empoderamento das mulleres en Tiruchy

O Programa de Empoderamento de Mulleres en Tiruchy funciona dende agosto de 2008 en cinco suburbios e cinco aldeas do distrito de Tiruchy (Tamil Nadu). Entre as actividades do programa – de orientación integral - destacan a creación de grupos de axuda mutua entre as mulleres, as actividades para a promoción da igualdade de xénero e as actividades de tipo educativo e sanitario. Este ano – o último do programa – a atención concentrouse no reforzo das estruturas comunitarias que garantirán a continuidade do traballo de xeito autónomo a partir do ano que vén, isto é, os consellos de aldea / suburbio e o consello comunitario. Durante 2014 farase unha avaliación de impacto.

Actividades

- Iniciativas de empoderamento das mulleres

O obxectivo fundamental destas actividades é a de cuestionar todos os aspectos que levan á discriminación das mulleres e á creación dunha orde social na que non poden exercer os seus dereitos. Estas cuestións (económicas, sociais, políticas e de xénero) serán tratadas en base á metodoloxía dos grupos de axuda mutua (GAM), consistente na creación de asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para trataren problemas comúns e crear fondos propios de aforro sobre os que elas teñen todo o poder decisorio (en canto ás persoas destinatarias, os tipos de interese e os prazos de devolución).

Promoción e reforzo dos grupos de axuda mutua

Ao final deste ano están en marcha cincuenta e sete GAM que inclúen a 808 mulleres e teñen un aforro total de 36.270 €. Durante este último ano formáronse nove grupos novos cunha base de integrantes de 135 mulleres. Alén disto, o equipo do programa tamén apoia os grupos (82) que están presentes en suburbios e aldeas próximas e que reúnen 1.381 integrantes cun aforro total de 83.136 €.

Para que os grupos funcionen de forma correcta o programa puxo en marcha diferentes formacións e sesións orientativas, nas que durante este ano participaron 77 mulleres. Estas sesións axudan ás integrantes a comprender mellor o funcionamento dos GAM e a como xestionar e reforzar o grupo, ademais de a

comprender mellor os beneficios de ser parte del. Ademais, durante este ano organizouse unha sesión formativa de 2 días tanto na zona rural como urbana para a formación específica das secretarias e representantes dos grupos para o mantemento da contabilidade e a cohesión grupal.

Igualmente, o grupos que levan funcionando seis meses teñen a posibilidade de obter crédito bancario tras unha avaliación por parte da dirección da entidade bancaria correspondente. Durante o período do informe, doce grupos (seis da zona rural e seis dos suburbios) conseguiron crédito grupal para poder rotar e aumentar así o capital propio. Ademais, grazas ao apoio loxístico do persoal do programa, 17 grupos que están en suburbios adxacentes recibiron vínculo bancario por parte de diferentes entidades.

Capacitación laboral

O programa organiza capacitación laboral para que as mulleres poidan adquirir novas capacidades que lles ofrezan acceso a mellores traballos. O programa organizou doce cursos de formación deste tipo, 2 de forma independente e 10 dentro do módulo complementario "A súa voz", financiado polo Fondo Galego de Cooperación. En concreto, os cursos organizados dentro do programa foron de *fabricación de bixutería* (ao que asistiron 14 mulleres) e de *fabricación de compresas* (no que participaron 12 mulleres).

Por outra banda, o programa mantén en marcha un centro de aprendizaxe comunitaria que imparte cursos de costura e informática para as mulleres e mozas da zona rural. Durante este período 97 mulleres e mozas recibiron formación en informática e impresión dixital e 42 mulleres e mozas asistiron a clases de costura.

Programa de xeración de ingresos

O programa inclúe tamén un fondo rotatorio propio, do que este ano puideron distribuírse 1.054 € para 18 mulleres.

Celebración do 8 de marzo

Nas celebracións do 8 de marzo e para amosar a súa participación no movemento feminista internacional, reuníronse en Tiruchy 650 mulleres do programa. Entre os eventos organizados destaca a manifestación encabezada pola profesora A. Puratchikodi, profesora do departamento de tecnoloxía farmacéutica da Anna University de Tiruchy, e a xuntanza con diferentes profesoras e investigadoras activistas e coa tesoureira do Consello Comunitario de Tiruchy. O acto, durante o cal se entregaron tamén premios ao voluntariado de xénero e aos grupos que tiveron mellor rendemento, foi pechado pola tesoureira de PDI.

Na zona rural as celebracións leváronse a cabo un día despois, o día 9. Na manifestación, na que foi convidada a poeta e política Salma, participaron 250 mulleres. Tras un debate moderado pola convidada, foron entregados os premios dos concursos de debuxo, oratoria e narracións.

Obradoiro de creación literaria e escrita

O día 13 de marzo, PDI e Implicadas organizaron un obradoiro de creación literaria para que as mulleres dos suburbios do programa puidesen expresar as súas ideas.

Obradoiro de fotografía para as mulleres

O 23 de marzo, PDI e Implicadas organizaron un obradoiro de fotografía para as mulleres dos suburbios co obxectivo de capacitalas para expresarse mediante a técnica fotográfica. Ao obradoiro asistiron 12 mulleres.

- **Centro de atención ás mulleres**

O obxectivo principal do centro é apoiar e orientar as mulleres que se atopan en situación de crise. O centro ten unha coordinadora a tempo total que visita as aldeas e suburbios para coñecer os problemas das mulleres co apoio do voluntariado de xénero.

Neste ano, a meirande parte das visitas foron causadas por conflitos de parella, violencia de xénero e violencia por parte da familia política. Houbo un total de 104 casos, dos que seis foron derivados á policía, nove a asistencia legal e 73 a apoio psicolóxico. 16 casos continúan en seguimento.

Neste ano organizáronse dous eventos de educación legal aos que asistiron 162 mulleres. Neles tratáronse temas como a importancia de obter certificados de nacemento e de defunción, a necesidade de rexistrar legalmente do matrimonio, as leis de matrimonios especiais, a lei contra a violencia de xénero, a adopción, dereitos de manutención e dereitos básicos das mulleres.

Ademais durante os actos do 25 de novembro organizados polo centro en colaboración coas autoridades do distrito, un xuíz e diversas avogadas compartiron información coas case 125 mulleres e voluntariado de xénero participantes no programa.

- **Actividades educativas**

Actividades educativas para a infancia

As clases de apoio para crianzas, que son mixtas para poder promover a idea de coeducación, están destinadas a aclarar as súas dúbidas e que poidan mellorar na escola. Ademais faise nelas un seguimento dos resultados académicos. Neste ano conseguíuse a participación nesta actividade dun total de 378 crianzas, das cales 207 foron nenas, superándose así os obxectivos previstos.

Ademais, o programa busca a interacción coas familias a través de organización de xuntanzas entre o profesorado e as familias. Neste ano organizáronse 120.

Neste período tamén se proxectaron vídeos educativos para a infancia centrados na importancia das nenas, a igualdade de xénero e a importancia da saúde e da educación. Por último organizouse, coa colaboración da escola TELC de Tiruchy, un campamento de verán de tres días no que participaron 55 nenas e 30 nenos e no que se realizaron clases de ioga, pintura, artesanía con papel e la, exercicios de memoria, información sobre saúde menstrual, xogos de sensibilización de xénero, etc.

Todo o programa foi organizado grazas á mobilización de recursos locais. O local cedeuno gratuitamente a escola e a comida foi ofrecida por diferentes persoas. O persoal deu acumulado 360 €.

Educación para persoas adultas

Este programa céntrase en aprenderlle a persoas analfabetas, especialmente mulleres, bases de lectura e escritura na súa lingua materna, o támil. Neste ano 49 mulleres e 1 home recibiron este tipo de apoio e conseguiron aprender a ler palabras sinxelas.

- **Actividades sanitarias**

O programa tamén busca incentivar a atención das mulleres á súa propia saúde, especialmente no relativo a cuestións de reprodución e menstruación.

Saúde pre e posnatal

Levouse a cabo o seguimento de mulleres embarazadas e déuselle orientación específica a 67 mulleres para afrontar este período.

Planificación familiar

Un total de 15 familias adoptaron medidas permanentes de control da natalidade.

Campo médico de saúde xeral

Durante este ano organizáronse tres campos de saúde xeral en Tiruchy. En total atendeuse a 238 mulleres, 94 homes, 100 nenas e 60 nenos. Tamén se distribuíron medicinas gratuítas que receitaron os equipos médicos voluntarios. Os gastos do equipo médico foron cubertos por doazóns a raíz do labor de promoción feito polo persoal.

Programas de sensibilización sanitaria

Neste período desenvolvéronse 10 programas de sensibilización sobre saúde menstrual ao que asistiron 185 mulleres, 13 sesións sobre VIH/SIDA (transmisión, terapias) ás que asistiron 181 mulleres e 18 programas sobre tuberculose (prevención, curación) aos que asistiron 366 persoas.

Voluntariado sanitario

O voluntariado sanitario desempeña un papel fundamental como axentes de cambio nas comunidades: derivan as persoas enfermas aos centros de saúde próximos, organizan os campos sanitarios e campañas de sensibilización e colaboran en todo momento coas animadoras. Agora mesmo hai 20 voluntarias sanitarias traballando nos suburbios. Durante este ano o voluntariado sanitario recibiu formación permanente.

- **Reforzo das estruturas comunitarias**

Dende o segundo ano do programa, o persoal comezou a formar Consellos de Suburbio e de Aldea, proceso que se completou durante o terceiro ano. As xuntanzas regulares dos consellos, que teñen lugar dúas veces ao mes, garanten que as actividades continúen despois da retirada de PDI e de Implicadas.

Este ano reorganizouse a representación nos consellos de xeito que son exclusivamente as mulleres dos grupos, e non o voluntariado, as que están presentes e toman decisións en base a estruturas democráticas. Neste sentido, organizouse unha formación de dous días para tratar as responsabilidades dos consellos, a súa forma de funcionar, etc.

- **Outras actividades**

PDI fixo esforzos para organizar novas actividades que non estaban planificadas, sobre todo en colaboración con alumnado de traballo social, para o beneficio da comunidade do programa. Así, organizouse en V.M. Pettai unha charla sobre a importancia da hixiene ambiental á que asistiron 35 mulleres. Ademais, deuse unha charla en Chinnasamy Nagar sobre a importancia dos negocios para os GAM á que asistiron 65 mulleres. Finalmente, en Kaja Nagar, organizouse un evento sobre a importancia da educación ao que asistiron 30 alumnas e alumnos e 40 familias.

2.7.3. Grupo de Axuda Mutua en Ames

- **1ª Xuntanza: 23/10/2013**

A esta xuntanza asistiron un total de 13 persoas. Entre os temas do día figuraban os seguintes: 1. Comentarios ao encontro coa Dr. Manimekalai; 2. Decisións sobre o aforro; 3. Decisións sobre o lugar do encontro; 4. Decisións con respecto á hora do encontro; 5. Nomeamento dunha secretaria; 6. Nomeamento da moderadora da seguinte xuntanza.; 7. Outros.

Na xuntanza destacouse o papel tan relevante que supoñen os GAM como axentes de representación, non só para as persoas integrantes de forma individual senón tamén para o propio colectivo ante autoridades e institucións públicas. Fixéronse ademais explícitos os dous piares fundamentais para o éxito dos GAM:

- a. O compromiso por parte das persoas integrantes e o mantemento dos acordos.
- b. Unha homoxeneidade entre as persoas integrantes que garantice a súa participación en igualdade de condicións.

Un dos acordos máis importantes foi o achegamento, por parte de cada unha das integrantes, dunha cantidade de 0,50 €. Ademais animouse a todas elas a achegar ideas para acadar algúns cartos.

- **2ª Xuntanza: 3/11/2013**

Asistiron 11 persoas. Entres os puntos do día figuraban os seguintes temas: 1. Lectura da acta anterior; 2. Elección da moderadora para a seguinte xuntanza; 3. Información sobre as feiras; 4. Mostras de artigos para a venda; 5. Recadación acumulada; 6. Aforro; 7. Outros.

- **3ª Xuntanza: 18/12/2013**

As persoas asistentes foron 11. Ademais da lectura da acta da xuntanza anterior, foron tratados os seguintes temas: 1. Dinámica de nomes; 2. Vendas do sábado; 3. Aforro e crédito; 4. Recollida de actas; 5. Datas de Nadal; 6. Outros.

3. RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN INTERNA

IMPLICADAS iniciou en 2013 unha nova área de fortalecemento que traballa en diferentes direccións para mellorar a xestión interna da organización, acadar novas fontes de recursos humanos e materiais, supervisar e controlar o funcionamento regular da organización e procurar novas vías de financiación alternativas coma o *crowdfunding*.

Durante o 2013 leváronse a cabo as seguintes accións:

1) Desenvolvemento do Manual de Xestión:

O proceso de crecemento que vén experimentando IMPLICADAS nos últimos anos (número de persoas voluntarias, grupos virtuais de voluntariado, expansión xeográfica, etc.) leva asociada necesariamente unha maior complexidade organizativa. Por este motivo fíxose necesario poñer por escrito unha serie de acordos que todo o voluntariado debe coñecer para poder desempeñar correctamente o seu traballo na organización. Para iso, e mediante unha serie de xuntanzas e procesos participativos, elaboramos o *Manual de Xestión* como unha ferramenta que permita:

- Amosar a estrutura de IMPLICADAS.
- Describir as funcións e responsabilidades que asumen as persoas voluntarias segundo as áreas nas que colaboran.
- Recoller as normas polas que nos rexemos no noso traballo como voluntariado.
- Recoller unha serie de protocolos de actuación recorrentes, isto é, actividades que IMPLICADAS organiza con regularidade para que poidan sen transferidas sen problema a novas persoas responsables.

Todas as persoas que forman parte de IMPLICADAS deben coñecer este manual e recorrer a el en caso de dúbida.

- #### 2) Compra do servidor de Implicadas.com en Redcoruna e traslado da web. Desde novembro de 2012 IMPLICADAS ten un servidor propio en Redcoruna, ao que se trasladou a súa web. Alén disto, mercouse o dominio www.implicadas.com e creáronse os correos electrónicos corporativos. No futuro todas as xestións que teñan que ver coa web e cos correos electrónicos faranse a través desta plataforma que xestiona directamente a directiva.
- #### 3) Control da páxina de microdoazóns. Efectivamente, no mes de setembro de 2012, IMPLICADAS tamén se fixo co control da páxina de microdoazóns de *Teaming* (<https://www.teaming.net/cambiadepapelconimplicadas>), polo que será posible xestionar os cartos recadados.

4. BALANCE ECONÓMICO

INGRESOS-GASTOS 2013 IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

INGRESOS 2013	48.333,96	GASTOS 2013	68.470,16
1. COTAS BASE ASOCIATIVA	25.153,00	1. PROXECTOS COOPERACIÓN NA INDIA	30.999,99
		· Tiruchy (Módulo para a participación política das mulleres en Tiruchy financiado polo Fondo Galego de Cooperación e Empoderamento das mulleres en Tiruchy)	16.434,47
2. DOAZÓNS	8.439,12	· Salem	14.565,52
· Crowdfunding	1.046,80	2. PROXECTOS EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO	15.898,43
· Individuais	7.392,32	· A Crise como cambio (financiado pola Xunta de Galicia)	15.898,43
· Entidades/Empresas		3. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN	7.267,03
3. VENDA MATERIAL	5.205,79	· Implicate	1.896,04
· Venda en xeral (materiais propios e libros)	4.167,39	· Vanakkam	88,73
· Edicións Xerais	1.038,40	· Actividades varias / compras materiais	2.619,47
· Meubook		· Carreira solidaria	438,00
4. ACTIVIDADES SENSIBILIZACIÓN	8.336,05	· Cestas solidarias	12,43
· Implicate	4.131,25	· Escola Feminista	1.292,77
· Cursos varios	120,00	· Gastos grupos voluntariado	919,59
· Sorteos e cestas solidarias	2.044,80	4. GASTOS DE OFICINA	14.004,71
· Andaina	420,00	· Aluguer	5.200,00
· Carreira Solidaria	1.189,00	· Suministros (auga e luz)	539,67
· Outras	431,00	· Taxas e tributos	358,77
5. FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA	0,00	· Servizos Técnicos / soldos e seg social	3.196,54
		· Comunicación (internet, teléfono, correos..)	1.674,95
6. FINANCIACIÓN FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN	0,00	· Outros	3.034,78
		5. OUTROS GASTOS	300,00
7. FINANCIACIÓN LOCAL (Concellos)	1.200,00	· Coordinadora Galega de ONGDs	300,00
· Concello de Vigo	1.200,00		

O balance económico amosa unha tendencia moi satisfactoria cara á estabilidade económica da organización. O resultado deste traballo vese claramente no feito de que do total de ingresos foi de 48.333,96 €, polo que o 97,6% son fondos propios.

No 2013 Implicadas non recibiu subvencións da Xunta de Galicia, nin do Fondo Galego de Cooperación, aínda que durante este exercicio executou como gastos como parte de subvencións concedidas no 2012 (véxase Memoria Anual 2012).

Cómpre aclarar en canto ao balance que o maior número de gastos con respecto aos ingresos só se debe á ficción contable á que obriga a lexislación con respecto ás subvencións concedidas ás organizacións. Calquera subvención debe ser computada na súa totalidade no ano en que se concede, aínda que se fagan pagamentos e gastos en anos subseguintes. Así, Implicadas aínda executou en 2013 subvencións concedidas en 2012 que só poden aparecer como gastos, mesmo se as entidades realizaron os pagamentos reais no ano 2013.

5. CONCLUSIÓN

Despois de máis de quince anos de traballo constante, Implicadas no Desenvolvemento segue a loitar, dende un enfoque de xénero, por unhas sociedades máis xustas e igualitarias. Nesta memoria recóllese o traballo realizado por Implicadas no Desenvolvemento durante o ano 2013.

En canto ás actividades, apréciase unha importante continuidade con respecto aos anos anteriores. As nosas principais exposicións seguen circulando con éxito pola xeografía galega e eventos tan importantes como o Implicate, a Carreira Solidaria ou o Escola Feminista celebraron este ano cadansúa nova edición. Tal e como acontecera durante 2012, no que recibimos a visita da cineasta e poeta Kutti Revathi, podemos contar coa presenza dunha recoñecida activista feminista do sur: a doutora Manimekalei.

Pero ademais Implicadas emprende novos proxectos e deu conta de importantes avances. Durante o ano 2013 tivo lugar a estrea da película *Cambia de papel*, documental codirixido por María Reimóndez, Luís Tosar e Kutti Revathi. Organizouse ademais un concurso de fotografía, *Das crises ás alianzas*, a través do cal as mulleres de Galicia e Támil Nadu tiveron a oportunidade de ofrecer a súa perspectiva sobre a crise e as súas consecuencias para o colectivo feminino. Destacamos así mesmo a publicación do libro *A miña luzada iluminaranos a todas*, resultado da xuntanza celebrada en outubro de 2012 entre varias deseñadoras gráficas e poetas e que, a través da poesía, a narrativa e as imaxes, trata a igualdade de xénero e os logros do movemento feminista.

Pola súa banda, os proxectos nos que Implicadas colabora na India seguiron avanzando. Este ano foi o último do programa de *Empoderamento de Mulleres en Tiruchy* e as actividades centráronse, xa que logo, no reforzo das estruturas comunitarias que garantirán a continuidade do traballo de xeito autónomo a partir do ano 2014. A sustentabilidade total nas intervencións é tamén o obxectivo do proxecto de *Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem*, a través do cal se segue a fortalecer o apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias ao tempo que se promove a mudanza de percepcións e comportamentos na comunidade.

Outro dos aspectos positivos que se constatan no ano 2013 é o progresivo aumento da presenza de Implicadas nas redes sociais. Neste sentido, destacamos que segue aumentado o número de persoas que nos segue en *facebook* e en *twitter* e que visita a nosa páxina web.

É importante lembrar que todas as actividades realizadas foron froito do traballo desinteresado das persoas voluntarias que día a día fan posible que os principios que moven a organización cheguen tanto aos países do sur coma á sociedade galega. Durante este período 2013 aumentou o número de solicitudes entregadas para formar parte do noso voluntariado, tanto virtual como presencial. Dende Implicadas queremos agradecer o traballo do voluntariado, anónimo e falto de recoñecemento social, que representa a alternativa da sociedade civil ante os valores establecidos.

Así mesmo queremos agradecerlles ás nosas socias e socios que fagan posible os nosos proxectos coas súas achegas económicas. No ano 2013 producíronse 8 baixas, pero 19 persoas máis entraron a formar parte da nosa base asociativa.

Mención especial merecen tamén as persoas e entidades colaboradoras que, dende distintos ámbitos da cultura e da sociedade galega, supoñen para Implicadas un incondicional e desinteresado apoio sen o cal moitas das nosas actividades non serían posibles.

E, por fin, queremos facer constar a nosa gratitude á cidadanía galega por acompañarnos neste proxecto de facer cooperación dende Galicia e como galegas.